

EXPTE NÚM: 1129/2025

DECRETO DE ALCALDÍA

Antecedentes

- Bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego do medio rural (APROL RURAL 2025) (DOG Núm. 50 do 13 marzo de 2025).
- Resolución da Xefe territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se concede a subvencións para o fomento do emprego no medio rural 2025 (TR351G) para a contratación de traballadores para a realización da obra ou servizo denominado “LIMPEZA E MELLORA DAS VÍAS DE ACCESO AOS MONTES NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS”, pola que se concede ao Concello de Caldas de Reis a cantidade total de 16.602,00€, para a contratación laboral de 1 (PEÓN OBRA PÚBLICA) traballador/a desempregado, durante 9 meses a xornada completa.
- Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal, (en relación a resolución de concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural, Aprot Rural 2025) para prestar servizos no Concello de Caldas de Reis.
- Informe Núm. 2025-0134 de data 11/06/2025, de Secretaria e Intervención Municipal, carácter desfavorable.

Á vista do exposto, e facendo uso das atribucións previstas no artigo 21.1 h) e s) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal, (en relación a resolución de concesión de subvención para o fomento do emprego no medio rural) (APROL RURAL 2025) para prestar servizos no Concello de Caldas de Reis.

SEGUNDO. Ordenar a publicación das Bases da Convocatoria no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello e remitir a Oferta de emprego a Oficina de Emprego.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente D. Jacobo Pérez Gulín, certificando a secretaria este Decreto cuxo número e data figuran á marxe aos efectos de fe pública.



BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL, (EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL) (APROL RURAL 2025) PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS.

1. OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade regular o procedemento que se aplicará na selección de 1 traballador/a na seguinte categoría de **1 PEÓN OBRA PÚBLICA**, conforme ao previsto na Orde do 5 de marzo de 2025 polo que se establecen as bases que regulan as subvencións par ao fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural 2025), publicada no DOG Núm. 50 do 13 marzo de 2025.

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Caldas de Reis e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

2. RELACIÓN XURÍDICA DO TRABALLADOR/A CO CONCELLO DE CALDAS DE REIS E RETRIBUCIÓN.

A contratación realizarase a través da modalidade de mellora da ocupabilidade e inserción laboral , a xornada completa.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo, xornada laboral completa durante 9 meses.

As retribucións que percibirá o traballador/a que se contrate con cargo a esta subvención equiparase aos funcionarios. O concello ten Convenio Colectivo propio (publicado no BOP N° 152 do 08/08/2001). As retribucións do persoal do concello son as establecidas na Relación de Postos de Traballo do Concello da Caldas de Reis aprobada en sesión plenaria o 26/09/2019 e publicada no BOP N°194, do 09/10/2019, publicada no BOP N° 194 do 09/10/2019.

O Salario bruto mensual (*) responderá á seguintes contía:

CATEGORÍA	SALARIO BRUTO MENSUAL
PEÓN DE OBRA PÚBLICA	1.772,93€

(*) Inclúe pagas extraordinarias.



3. ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE.

O proceso iniciarase exclusivamente, coa tramitación da oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, unha vez recibida a resolución da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se concede a subvencións para o fomento do emprego no medio rural 2025, sendo o número de prazas a ofertar na categoría de: **1 PEÓN DE OBRA PÚBLICA**.

A oficina pública de emprego comunicará aos candidatos o lugar, día e hora no que deberán presentarse para recoller a documentación requirida no punto 5 de ditas bases, dispoñendo dun prazo de **3 DÍAS HÁBILES** para a súa presentación no Concello, xunto ca documentación indicada na base 5.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES

As persoas aspirantes terán superados os estudos de:

Nº TRABALLADORES	OCUPACIÓN	TITULACIÓN
1	Peón Obra Pública	Non se esixe estar en posesión de titulación algunha en aplicación do previsto na disposición adicional sexta apartado 1, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios e na da sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>., e concederá un prazo de **DOUS (2) DÍAS NATURAIS** para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal e a data de valoración de méritos dos aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos serán declarados excluídos do proceso selectivo.



5. REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As persoas remitidas pola Oficina de Emprego teñen que estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización de contrato de traballo.

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como, segundo o previsto no art. 14.6 da orde da convocatoria da subvención:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo



por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento

As persoas candidatas deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Caldas de Reis de forma presencial ou na través sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>. a seguinte documentación, no prazo de **3 DÍAS HÁBILES** dende que foron citados:

- a) **Fotocopia do DNI.**
- b) **Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.**
- c) **Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.**
- d) **Acreditación de ser desempregado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia (tarxeta de demandante de emprego ou certificado do Servizo Público de Emprego).**
- e) **Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.**
- f) **Autorización ao Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos achegados nos apartados anteriores.**
- g) **Documentación para valorar os aspectos do apartado 8.2 das citadas bases.**

6. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

6.1 COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL:

O Tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros: Presidente/a, 3 Vogais e Secretario/a

Os membros do Tribunal terán voz e voto, excepto o secretario que terá voz, mais non voto. Non poderán formar parte dos Tribunais o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou persoal eventual

O nomeamento dos membros que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde-Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou



especializacións iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo. A composición do tribunal exporase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>, con dous días mínimos de antelación.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse cando concorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015 de 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As persoas aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

6.2 INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores.

7. CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL

O tribunal non poderá constituírse e actuar, sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes sendo preciso en todo caso, a asistencia do Presidente/a do Tribunal e do Secretario/a.

8. SISTEMAS DE SELECCIÓN

O sistema de selección consistirá na realización dunha proba práctica e valoración das circunstancias persoais, sendo ambas obrigatorias. A data, hora e lugar da proba práctica e valoración de circunstancias persoais fixarase por resolución da Alcaldía, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na sede electrónica do concello, nos termos indicados na Base Núm. 5.

Os aspirantes deberán acudir provistos do DNI, e serán convocados en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamado suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.



8.1 PROBA PRÁCTICA

Consistirá nunha proba de carácter práctico adaptada ás funcións a desenvolver, e que terá carácter de obrigatorio e eliminatorio. Dita proba valorarase de 0 a 10 puntos, sendo a puntuación mínima para aprobar 5 puntos. Para a súa valoración terase en conta as habilidades e destreza na execución, así como o resultado final.

A sesión do exercicio práctico será gravada en vídeo, o/a aspirante identificarase co nome e DNI ó comezo da gravación. As mesmas serán suprimidas no prazo máximo dun mes.

8.2 VALORACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS.

As circunstancias persoais das persoas candidatas valoraranse conforme ao previsto nos requisitos establecidos:

- Persoas integrantes en colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia: 1 punto (mediante informe dos Servizos Sociais dos concellos que xustifique este motivo).
- Mulleres vítimas de violencia de xénero: 1 punto. Acreditación mediante certificado ou sentenza xudicial
- Menores de 30 anos: 1 punto. Acreditación co DND
- Persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional: 1 punto. Acreditarase por informe do INEM.
- Parados e longa duración: ata 1 punto; puntuarase 0,25 puntos por ano desempleado, contado a partir do primeiro ano de desemprego. Xustificarase mediante informe de vida laboral ou informe do INEN no que conste o tempo de desemprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%: 1 punto. Acreditarase co certificado do grao de discapacidade.
- Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego á que tivesen dereito: 1 punto. Xustificarase mediante informe de prestacións
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos: 1 punto. Acreditación o DNI
- Persoas trans: 1 punto. Certificado do Rexistro Civil.
- Persoa emigrantes retornada ou estranxeira con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: 1 punto. Documentación que acredite tal situación.
- Persoas con cargas familiares: ata 1 punto, a razón de 0,25 puntos por cada una das persoas que sexan carga familiar. Entendese por cargas familiares os seguintes: cónxuxe, fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas



ou menores en acollemento, que carezan de ingresos propios para a satisfacción das súas necesidades. Para xustificar dita circunstancia achegárase mediante libro de familia, ou calquera outra documentación que xustifique dita circunstancia

9. CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na proba práctica e valoración de circunstancias persoais, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

Considéranse seleccionadas as persoas que maior puntuación acaden. En caso de empate na puntuación procederase ao desempate mediante a aplicación dos seguintes criterios conforme ao o previsto no art. 14.6 da orde da convocatoria da subvención:

- a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas trans.
- j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

10. PROPOSTA DE SELECCIÓN e BOLSA DE SUPLENTEs

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de



selección ante o Alcalde - Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos. A devandita proposta publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Caldas de Reis e na sede electrónica do concello de Caldas <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>., As persoas candidatas que superen o proceso selectivo pero non resulten seleccionadas para a súa contratación pasaran a formar parte dunha listaxe, pola súa orde de puntuación, que será utilizada para cubrir as posibles baixas definitivas e tamén as posibles substitucións temporais (incapacidade temporal, maternidade, paternidade...) das persoas candidatas inicialmente seleccionadas e contratadas.

Os chamamentos para substitucións realizarase ao teléfono facilitado polo interesado no documento de inscrición. O candidato terá 24 horas para dar a súa resposta, e a súa incorporación realizarase no prazo de tres días hábiles seguintes, contados dende o seguinte ao chamamento. As persoas candidatas que non acepten cubrir os postos, ou non respondan ao chamamento, agás nos casos debidamente xustificados, quedarán excluídos da lista de reserva

11. RECOÑECIMENTO MÉDICO

Unha vez terminada a fase de selección e antes de ser contratada a persoa candidata seleccionada pasará un recoñecemento médico xestionado polo Servizo de Prevención da Administración que oferta os postos, e adaptado aos riscos laborais do novo posto de traballo. Todo seguindo os adecuados protocolos médicos correspondentes, e respectando a intimidade da persoa. O consentimento se outorga cando se acepta o disposto na convocatoria ao presentar a instancia.

12. PERÍODO DE PROBA

A persoa contratada terá un período de proba de un mes dende o inicio do contrato, podendo o Concello de Caldas de Reis rescindir o contrato das mesmas en caso de que non superen parte ou o total do período de proba. Para elo, precisarase dun informe técnico do Concello.

13. RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que o aspirante acreditou os requisitos esixidos, o Alcalde - Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación que se publicará na Sede Electrónica do Concello de Caldas de Reis e no



taboleiro de anuncios do Concello, e subscribirá Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405) co/a aspirante proposto/a segundo dispón a lexislación laboral, quedando os/as seguintes candidatos/as coma suplentes segundo a puntuación acadada.

A no presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

14. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

15. INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases, así como para interpretación das mesmas.

16. TRATAMENTO DE DATOS.

As persoas que presenten as súas solicitudes para este proceso, autorizan con elo, ó tratamento dos seus datos persoais, ao Concello de Caldas de Reis, para tódolos trámites relacionados con este proceso selectivo, debendo dirixirse por escrito, ao Concello de Caldas de Reis, en r/ Ferrería nº 1, para a anulación deste permiso, unha vez que finalice o citado proceso, se así o estiman.

Tódalas comunicacións, avisos e publicacións referentes a este proceso, realizaranse por publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na a sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

17. RECURSOS.



Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán as persoas interesadas interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Caldas de Reis, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

En Caldas de Reis,

O Alcalde Documento datado e asinado dixitalmente á marxe,



MODELO INSTANCIA

D./D^a _____ maior de idade, en
posesión do DNI n^o _____ veciño/a do Municipio de _____ con
domicilio a efectos de notificacións na rúa/lugar de _____ n^o
_____ piso _____ porta _____ da parroquia de _____ o
teléfono _____

EXPÓN QUE:

Despois de ser seleccionado/a pola Oficina de Emprego como aspirante a contratación, en
réxime laboral temporal de **1 PEÓN/A OBRA PÚBLICA**, para prestar servizos no Concello de
Caldas de Reis, autorizo a dito concello a comprobar ou verificar os datos aportados na
documentación que se achega.

Documentación aportada:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da titulación requirida
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Tarxeta de demandante de emprego
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o
desempeño das funcións propias do posto
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e
non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas
na lexislación vixente.
- Autorización ó Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos aportados
nos apartados anteriores.
- Documentación acreditativa de cada un dos méritos alegados para a súa valoración no
concurso de acordo ao previsto na base 8.2

SOLICITA:

Ser admitido/a no dito proceso, por reunir os requisitos esixidos na convocatoria.

Caldas de Reis, _____ xuño de 2025

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS



DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dona _____
co DNI n° _____ e con domicilio en

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade e incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

En Caldas de Reis, _____ de xuño de 2025

Asdo.: _____

